

VERÁN DIXITAL XULLO - Nenos e nenas de 8 a 11 anos
Tódolos días, de 10:00 a 13:00 h. - Do 01 o 23 de Xullo

VERÁN DIXITAL AGOSTO - Nenos e nenas de 8 a 11 anos
Tódolos días, de 10:00 a 13:00 h. - Do 04 ao 29 de Agosto

TEMARIO (mesmo temario en Xullo que en Agosto):
(Adxunto Cartel)

- **Mecanografía de maneira divertida** – Aprenderemos a utilizar o teclado de maneira correcta, con programas online que utilizan xogos interactivos nun contexto moi alegre visualmente e moi dinámico para motivar aos nenos a aprender a escribir con soltura e velocidade sen aburrirse.
- **Iniciación ao Paquete LibreOffice:**
 - **Write – Edición de textos e imaxes**: Escribiremos un conto inventado entre todos, cartas e traballos escolares; aprendendo primeiro como editar un texto, adxuntar imaxes, cambiar os tipos de letra, xogar coas cores, cos bordos, xestión de párrafos...
 - **Impress – Realización de presentacións animadas**: Aprenderemos a crear presentacións con texto, debuxos feitos por nós, imaxes descargadas da Internet; co fin de animar o noso conto grupal.
- **Creación e edición de imaxes co programa Paint** – Faremos os nosos propios debuxos para incorporar ao noso conto grupal, utilizando o programa Paint e tódolos seus recursos.
- **Educación dixital - Apps, plataformas, xogos educativos que nos ensinarán:**
 - **Perigos da internet e das redes sociais** - Aprenderemos a recoñecer que non todo o que vemos en internet é seguro. Falaremos de como coidarnos, non falar con descoñecidos e protexer a nosa información nas redes sociais.
 - **Acceso a contidos de forma segura** - Descubriremos como buscar cousas útiles sen atopar contidos perigosos. Usaremos ferramentas que nos axudan a navegar por internet de maneira segura e divertida.
- **Iniciación á impresión 3D** - Un primeiro achegamento ao mundo da creación en tres dimensións. Os nenos e nenas aprenderán a deseñar sinxelos obxectos no ordenador e verán como se converten en pezas reais coa impresora 3D. Un taller práctico para fomentar a creatividade, a lóxica e a aprendizaxe tecnolóxica.
- **Manexo e pilotaxe de drons** - Un taller para iniciarse no mundo dos drons, coñecer como funcionan e aprender a manexalos con responsabilidade. Con circuitos sinxelos, os nenos e nenas mellorarán a súa coordinación, concentración e interese pola tecnoloxía, sempre nun ambiente lúdico e seguro.